

Poemas

Fátima RODRÍGUEZ

Rue Delambre

Bossa para Ana, miña filla galego-brasileira

Esta cidade non lee a Pessoa
Ole a café con leite, a cervexa
e fai falar as mulleres de salade verte nos almorzos precoces,
de truc (a meirande abstracción que se lle poda pedir ao cotián: un truc)

Esta cidade vive e morre multiplicada
en infimos recendos
mermado fol
alveolos afogados
pola pez
polo veneno dunha rede capilar
dun tramallo de ulos minerais.

Esta cidade
é de finísimo encaixe
unha filigrana rachada para turistas
urbe venal,
venérea,
e tan esquiva ao púdico ollar do viaxeiro.

Esta cidade é un truco ben concreto,
unha superchería,
unha trapallada.

E nalgún recanto, saint denis, porte de clichy, boulogne,
ten un ril vivo,
unha existencia vertebral, doente,
de cores en raiolas,
así, como esgalladas.
De soles derretidos nos batiks, de cheiros viscerais, de filamentos de frituras
tinxidas de azafrán, de comiños, de ladros de cans de palleiro, de cesáreas que
se entrecruzan sobre a fina textura do pube, de berros, de salmodias, de pigmen-
tos de vida, de percusións,
de percusións,
de percusións,
que son

son de sons,
latexos tamén multiplicados
acompañando perseverantes,
crónicos,
tenaces,
a nosa arritmia urbana.

Que a dor tamén permea
irriga
e ioda
as engaimadas veas desta cidade.

Outra praza

A Gloria Vergara.
En México D. F.

Todos van converxer na mesma arteria
Emmanuel Kant
e Victor Hugo,
Darwin
e Copérnico.

-A nosa cidade
é un corpo podre
un tumor de vértebra.
Se somentes calaran, se ficaran tranquilos un momento.

Escoito catro versos teus a refluír
pola canle doente das entrañas.
Canto sangue exsuamos os viaxeiros
no ouvir os outros, Gloria.
Non levamos rización que embulsar
nin medulas de afecto
nós tamén
somos o vertedoiro
das efraccións alleas
somos
unha oquedade onde van dar tantos refugos,
así, temporalmente detidos neste redello urbano.
Unha chaga volcánica,
un ollo de morte provisoria
-naquela praza foron recalar tantos olvidos-
velame somos roto de carburante,
roto de vento suxo travesío.
E caímos
vai saber ti de qué corpo esbarrancado
A que náusea tan fonda nos lastrou
esa dolorosa gravidade de saber
de levar aniñada a morte allea
nun ventre cheo de estrías
tan dentro,
a morte de once anos,
morte de ollar,
a morte loira espallada, loira, derrame anil de adolescencia,
de andar xestando amorosamente a dor daqueles corpos esquencidos
pobre milagre dun deus, ou dunha deusa torta
que transformara
as bágoas en amniotese.

Alcacer
Rúa que foi punto

A Vincent Ozanam, este continuo

A xente ten
cada un o seu nome,
ás voltas nin eso,
ás voltas basta levar consigo un mote,
un vulgar atributo,
unha imaxe
por única pertenza

Rúa do Alcacer,
punto de referencia,
punto de encontro,
punto de cruz,

—Ahora dibuja un camino de rosas por el pañito.
(Agora estou a debuxar un via crucis de rosas polo paniño)

Esta cativa é parva,
zurda.
Non hai modo que aprenda a calcetar,
vánselle os puntos todos.

Esta cativa ten o cerebro do revés,
Ten a cabeza chea de puntos, coma un escoredoiro.

Nin bordar pode.

—Pois ao millor cun espello aprendo.

E por facer obra dela
—e que non estragara medio metro de panamá—
lle deran un espello pequeno de bolso
coa condición necesaria, desapiadada,
de que
non se mirara nel
non fora que se lle acercase o demo
e a enchese de vaidade.
Dixéranllo ben claro
en lingua segunda,
en lingua sacramental
non fora ser.

—¿Entendes ?

Entón mirou tímidamente o espello,
Cun ollar fuxidío,
Cun ollar pequeniño e verde e fondo de paxaro
Non fora ser.
E entre aqueles abortos de rosas
aqueles brotes pampos, informes, malnacidos,
perlados de lamparóns,
exsuados dalgunha agulla allea,
saíu a deusa dos Mares,
a que fai crecer a herba,
a inmortal tecedora
rindo de ver tan desastrosa manufactura,
curada ela xa de tantos aspaventos,
curada xa de tódalas feridas.

Saíu
Case tan doce,
tan frutal
cos seus peitos de péxego
núa, madura de soana
case tan doce
que a vista a facía táctil e aromada
e os ollos a lambían como o doce de leite.
Case tan doce
como poidera vela Botticelli.

E a nena viu tamén a Ulises,
e as sereas
e o libro das Marabillas,
e Moravia,
e Fernández Flores
e Aristófanes
e Tolstoi
e Camoës
e Garcilaso
e todos eles a nutrilas
do leite pluvial da súa nai
do mesmo leite esvaradío e tépedo do seo,
deleitadamente aleitoada
láctea lectura ao colo
de quen
todo lle aprendera
no seu seo tan de dor desexado
agora esquivo seo
tépedo e doce e frutal como péxago.

a cativa é tola.
Non merece outro nome.

(Todos os poemas fan parte de *Urbes. Do seo incarnal destas cidades*)